

# CO BNG, GALIZA GAÑA!

## TODO O CONSEGUIDO POLO BNG NO ACORDO DE INVESTIDURA

O traballo do BNG no Congreso distinguiuse sempre pola defensa coherente e insubornábel dos intereses da Galiza e do pobo traballador galego. Comprometémonos a ser a voz activa das galegas e galegos, e cumprimos. Así o fixemos a través de múltiples iniciativas e así o defendemos diante do Goberno español en toda ocasión, en contraste co papel submisivo das forzas políticas estatais.

Nesta nova lexislatura o BNG continúa traballando no Congreso e no Senado para que a Galiza conte nas políticas do Goberno do Estado e iso nos permita avanzar en calidade de vida e benestar. Agora, o BNG vén de arrancar un acordo de investidura no Estado para materializar unha batería de medidas que contribuirán para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Trátase dun acordo con medidas moi relevantes, que garante para a Galiza un trato igualitario con outras nacións en autogoberno e débeda pública así como numerosas melloras no que atinxe a infraestruturas básicas -desde actuacións na nosa rede de estradas e autoestradas até a modernización da rede ferroviaria galega- e tamén importantes compromisos en materia social, lingüística e de memoria histórica.

Un acordo que vincula o BNG só para a investidura e que compromete o novo Goberno do Estado a executar as medidas nel recollidas. Isto permite que, como forza nacionalista, manteñamos a independencia e as mans libres para defender en todo momento (orxamentos, leis...) os intereses do pobo galego. A condición decisiva do voto do BNG ao longo da lexislatura é a mellor garantía de que as medidas previstas sexan executadas.

Máis unha vez, o nacionalismo galego demostra ser unha forza imprescindible e útil para Galiza. **Co BNG, Galiza gaña!**

## GALIZA NO TREN DAS NACIÓNS

- Compromiso de que calquera modificación da estrutura do Estado asegurará á Galiza o mesmo status que Euskadi ou Cataluña.
- Avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego coa convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza activar a transferencia da totalidade das competencias pendentes.
- En caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por CC. AA. adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, establecemento de medidas compensatorias análogas para a Galiza, no marco das compensacións a aquelas CC.AA. que non fixeron uso do FLA.

## CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

- **Creación de cinco novos Xulgados extraordinarios de Violencia de Xénero** en Pontevedra, Ferrol, Lugo, Ourense e Compostela. Estes tres últimos serán incluídos nos Orzamentos do Estado de 2024.

## ACTUACIÓNS NAS REDES DE ESTRADAS

- **Novos descontos nas autoestradas AP-9 e AP-53.** Serán incrementados os descontos para usuarios superrecorrentes (incluídos os vehículos pesados) na AP-9, de 20% actual até 50%; na AP53 serán incorporados descontos similares aos da AP9 (incluída a gratuidade da viaxe de volta) e seguiremos traballando para conseguir a gratuidade das peaxes.
- **Plan plurianual 2024-2028 de actuacións urxentes na rede viaria galega** incluíndo:
  - Actuacións en todos os tramos de alta sinistralidade nas Estradas do Estado na Galiza, en concreto na N550, N6 e AC12, na A55, N550, N551, N555, PO11 e AP9, N541 (en Cerdedo-Cotobade), A 52, N120 e N640.
  - Finalización da Autovía Santiago-Lugo antes de finalizar o ano 2024.
  - Axilización dos traballos no tramo sentido Madrid do viaduto do Castro na A6, que será finalizado este ano, e no tramo sentido A Coruña, que se porá en funcionamento antes de que termine o ano 2024.
  - Actuacións de mellora da N6 a comezar polas máis urxentes.

- Redacción no ano 2024 do proxecto da variante da Estrada, para comezar a execución antes de que termine a lexislatura.
- Solucións para terminar o segundo tramo do paseo de Pontevedra a Marín.
- Estudo sobre a seguranza viaria na N550.

## MODERNIZACIÓN DA REDE FERROVIARIA

- Plan Integral de Modernización da Rede Ferroviaria da Galiza que contará, como mínimo, coas seguintes actuacións na presente lexislatura:
  - Implantación do tren de proximidade ("Cercanías") na Galiza antes do final de lexislatura, comezando polo estudo de necesidades e priorizando os tramos Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.
  - Impulso ao corredor Atlántico e aos traballos da saída sur para a conexión entre Vigo e a Fronteira Portuguesa.
  - Modernización da liña Ferrol-A Coruña, co estudo informativo (pre-proxecto) en 2024 e execución do baipás de Betanzos na presente lexislatura. Estudo funcional para a modernización da liña A Coruña-Lugo.
  - Estudo da variante entre Curtis-Ordes para a conexión Lugo-Compostela.
  - A Estación Intermodal de Santiago será denominada "Daniel Castelao" e os seus espazos comúns serán usados para difusión do seu legado.
  - Recuperaranse as frecuencias de OSP previas á pandemia e estudarase o aumento de servizos.
  - Novas actuacións de mellora no FEVE e bonificacións ás persoas usuarias.
  - Melloras nos servizos Vigo-Porto e modernización da liña Guillarei-Ourense.

## MELLORAS SOCIAIS

- Ampliar o permiso de paternidade e maternidade a 20 semanas.
- Manter en 2024 os abonos de transporte e posteriormente convertelos en permanentes para determinados colectivos.
- Incrementar as pensións mínimas e non contributivas por encima da revalorización das pensións contributivas, até alcanzar a media europea.

- Financiar en 50% as actuacións da Lei de dependencia.
- Garantir que non se produce dobre tributación no caso das pensións do estranxeiro dos emigrantes retornados.
- Elevar o cofinanciamento do Estado na EDAR de Santiago de 65% para 80%.
- Financiar a transformación dos terreos do porto interior da Coruña, cun plan plurianual e asegurando sempre a titularidade pública.
- Incrementar en 10% anual a achega ao Consorcio de Santiago.
- Continuar os traballos de saneamento e rexeneración das rías galegas.

## MÁIS PARA NOSA LINGUA PROPIA

- Garantir a presenza das producións culturais galegas en RTVE, incrementar as horas en lingua galega e a recuperar Radio 4, exclusivamente en galego.
- Asegurar o uso do galego nas webs da AXE.
- Financiar con 15 M€ os proxectos de adaptación do galego á era dixital e dar maior peso ao galego, eusquera e catalán no PERTE “Novas Tecnoloxías da Lingua”.
- Apoiar a recepción das radios e televisións portuguesas na Galiza.

## MEMORIA HISTÓRICA

- O Estado fará unha declaración de recoñecemento e reparación en relación co consello de guerra e condena a morte a Alexandre Bóveda, anulado pola Lei de Memoria Democrática.



[www.bng.gal](http://www.bng.gal)  
[sedenacional@bng.gal](mailto:sedenacional@bng.gal)  
[facebook.com/obloque](https://facebook.com/obloque)  
[x.com/obloque](https://x.com/obloque)  
[instagram.com/o\\_bloque](https://instagram.com/o_bloque)